



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO ALBERGUE XUVENIL DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS.

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola utilización do albergue xuvenil do Concello de Cabana de Bergantiños solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa: os derivados da inexistencia de regulación referentes ás tarifas pola utilización do albergue xuvenil. Estase levando a cabo a municipalización do servizo, cuxa memoria xustificativa propón como medio de xestión a concesión, cuxo réxime xurídico establece a necesidade de contar con este tipo de regulación.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación: obrigatoriedade determinada na lexislación das facendas locais.
- Os obxectivos da norma: regular as normas para a esixencia da tarifa proposta, feito impoñible, suxeitos pasivos, nacemento da obriga e contía do prezo público.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias: dada a demanda da instalación, e o feito de contar cos permisos correspondentes para poner en funcionamento a instalación, non existen solucións alternativas ou non son axeitadas.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos durante o prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal (www.concello-cabana.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.concello-cabana.es>), mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O alcalde. José Muíño Domínguez.
Documento asinado dixitalmente.